

DAQUI DARREDOR. FEIRA LABREGA

SOLICITUDE DE INSCRICIÓN

DATOS DA PERSOA/EMPRESA PARTICIPANTE

CIF/NIF:	Nome e apelidos/Razón social:
Enderezo completo:	
Teléfonos:	Correo electrónico:

MODALIDADE. Pode marcar máis de un

<input type="checkbox"/>	Produtor/a	<input type="checkbox"/>	Artesá/n
<input type="checkbox"/>	Venda directa produtos primarios	<input type="checkbox"/>	Viveiro (horta, xardín, flor, froiteiras...)
<input type="checkbox"/>	Venda produto ecolóxico	<input type="checkbox"/>	Segunda man e/ou troco
<input type="checkbox"/>	Outro (especificar):		

DATOS DO POSTO

Metros de fronte:	Metros de fondo:
Produto/s á venda:	
Observacións / necesidades do posto:	

A persoa/entidade asinante solicita a súa participación na Feira labrega que se vai celebrar no Concello de Brión o 18/09/2021, e acepta as normas de participación reflectidas no reverso deste documento.

Brión, ____ de _____ de 2021

Sinatura:

VER NORMAS Ó REVERSO

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é o CONCELLO DE BRION, con enderezo en Praza do Concello nº1, 15865 Brión, concello@concellodebrion.gal. Os datos serán utilizados para prestarlle o servizo solicitado na presente instancia e conservaranse durante o tempo necesario para poder atender a súa solicitude, así como para dar cumprimento legal ás xestións administrativas derivadas da prestación do servizo. O Concello de Brión non cederá os seus datos de carácter persoal, tendo vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos.

Enviar cuberta a: daquidarredor@gmail.com

NORMAS DE PARTICIPACIÓN

SOLICITUDE

Esta solicitude está pendente de admisión. No caso de ser aceptada a persoa/entidade solicitante fica suxeita ás seguintes normas de participación:

1. O Concello de Brión e a Asociación Darredor asumen en exclusiva a competencia de ordenación e control da Feira, incluíndo a aceptación das solicitudes, a delimitación de zonas e a distribución dos postos.
2. A **data límite de solicitudes é o 15 de setembro de 2021**, ás 14:00 horas.
3. A admisión das solicitudes comunicárase ás persoas solicitantes vía correo electrónico como moi tarde o día 16 de setembro.
4. As solicitudes poderán ser presentadas empregando algún dos seguintes medios:
 - a. Por correo electrónico: daquidarredor@gmail.com ou empregobrion@gmail.com
 - b. Por whatsapp ao número 633 122 772
5. A organización resérvase o dereito de modificar o que considere oportuno.

ORGANIZACIÓN DA FEIRA

1. O concello e a asociación encárganse da organización da feira e son os responsables de situar ás persoas/empresas participantes nos lugares que se lles indique. Neste senso, sempre que sexa posible, poderán concederse os metros de fronte solicitados.
2. As persoas/empresas participantes estarán obrigadas a manteren o seu posto en condicións de hixiene e orde e a recoller os residuos que xere a súa actividade.
3. As persoas ou empresas participantes na feira deberán traer o mobiliario necesario para instalaren o seu posto (mesas, sillas, manteis para cubrir as mesas, alongadeiras para conectar luz...).
4. O día 20 de outubro de 2014 entrou en vigor o decreto polo que se regulan en Galicia as condicións de venda directa dos produtos primarios desde as explotacións ao consumidor final. As persoas que teñan postos de venda de produtos primarios deberán de cumprir coas normas que establece o Decreto 125/2014, do 4 de setembro, polo que se regula en Galicia a venda directa dos ditos produtos desde as explotacións á persoa consumidora final.

ACCESO DOS POSTOS Ó RECINTO DA FEIRA

O lugar de celebración da feira é no Concello de Brión, na Carballeira de Santa Minia, e no caso de choiva no centro comercial Monte Balado, na planta de arriba, onde está ubicado o Espazo colaborativo de Monte Balado. O acceso organizarase do seguinte xeito:

1. O acceso á feira para montar os postos abrirase entre as 9 e as 10.30 da mañá.
2. A partir das 10:30 horas non se permitirá o acceso de ningún posto.
3. Poderase deixar o coche no aparcadoiro detrás da biblioteca ou na mesma planta do centro comercial.
4. A feira desenvolverase de xeito continuo entre as 11.00 e as 19.00 horas, polo que non se poderá desmontar antes das 19:00 horas. Para desmontar primeiro desmóntase o posto, e logo métese o vehículo para cargar o material.

O Concello e a asociación poderán denegar a súa participación en próximos mercados e feiras que se organicen ás persoas ou entidades que non cumpran coas normas aquí establecidas.

Máis información: Whatsapp: 633 122 772 | Bolsa de correo: daquidarredor@gmail.com / empregobrion@gmail.com